

Estimado/a afiliado/a

A Xunta Directiva Nacional acordo o pasado 19 de maio convocar o XXI Congreso Nacional Extraordinario do Partido Popular, que se celebrará os días 4, 5 e 6 de xullo do 2025 en Madrid.

O Regulamento do Congreso establece que son compromisarios electos os designados polas distintas organización locais en assembleas convocadas para tales efectos. O reparto do número de compromisarios que lle corresponden a cada organización local comunicárase a través da web provincial do Partido Popular de A Coruña (www.ppcoruña.es).

A partir da convocatoria do Congreso abriuse un prazo de 15 días para que calquera afiliado do partido poda inscribirse para participar no proceso electoral.

Os afiliados, previamente inscritos como electores que desexen exercer o dereito a presentar a súa candidatura a compromisario, poden facelo cubrindo o correspondente formulario que está publicado na páxina web do PP.es e do PP da provincia de A Coruña. Unha vez cuberto o formulario, o documento debe ser entregado na sede local correspondente ou envialo ao enderezo electrónico da sede provincial (corunya@pp.es) antes das 14 horas do 3 de xuño do 2025. As persoas que forman parte da Xunta Directiva Nacional xa son compromisarios natos.

Unha vez rematado o prazo de inscrición de aspirantes a compromisarios –hasta as 14 horas do 10 de xullo do 2025-, terán lugar as assembleas de elección de compromisarios o 16 de xullo. Ditas assembleas de votación faranse só no caso de que o número de aspirantes sexa maior que o de prazas aprobadas.

As mesas de votación da provincia de A Coruña, no caso de ser necesarias, estarán situadas nas sedes locais de cada concello. As direccións estarán dispoñibles na sede provincial.

A votación poderá comezar ás 09:00 horas e prolongarase ata as 20 horas, cun máximo de 11 horas, do 16 de xuño do 2025. Cada Comité Local terá a disposición dos afiliados inscritos, como mínimo 24 horas antes da celebración da assemblea, unha papeleta na que os nomes dos candidatos a compromisarios dese concello estarán ordenados alfabeticamente, a primeira letra elixírase baixo sorteo.

En cada assemblea constituirase unha mesa compost por un presidente, secretario e voel. Resultarán electos aqueles compromisarios con maior número de votos dentro da cifra asignada a dito municipio. No suposto de que o número de candidatos a elixir coincida co de compromisarios asignados, quedarán automaticamente designados, sen necesidade de celebrar a correspondente assemblea.

Para calquera dúbida poderase contactar coa sede local correspondente ou coa sede provincial, chamando ó 981.223.742 ou a través do enderezo corunya@pp.es

Un saludo

Diego Calvo

Presidente Provincial